



SINFÓNICA DE PONTEVEDRA

Probas Xuño 2025

A Orquestra Sinfónica de Pontevedra convoca probas de admisión para cubrir prazas na Xove Orquestra, nas especialidades instrumentais, de acordo as bases que seguen :

CORDAS: Violín, viola, violoncello, contrabaixo

VENTO MADEIRA: Frauta, Clarinete, Óboe, Fagot

VENTO METAL: Trompeta, Trompa, Trombón, Tuba

PERCUSIÓN

Capítulo I: Requisitos.

1. Poderá presentarse todo aquel alumnado que estea matriculado en conservatorio, escola de música ou academia nalgunha das especialidades anteriormente sinaladas.
2. Ter entre 16* e 26 anos. (para un alumno/a menor de 16 anos que acredite o nivel esixido, o tribunal resérvase o dereito de admisión).

Capítulo II: Presentación de instancias.

3. Quen desexe tomar parte nestas probas deberá cubrir a solicitude de inscrición que será publicada na web da Orquestra, ***sinfonicadepontevedra.com***.
4. O prazo de presentación de solicitudes será do **20 de maio ao 2 de xuño de 2025 (ambos inclusive)**. As solicitudes remitidas fóra de prazo serán desestimadas.

Capítulo III: Desenvolvemento das probas.

5. As probas realizaranse o día **23 de xuño**. Confirmarase o lugar e os días exactos das audicións unha vez pechado o prazo de recepción de solicitudes e elaborada a lista definitiva de admitidos/as.
6. O proceso selectivo:
 - Para todas as especialidades consistirá na interpretación dunha obra libre (de acordo ao derradeiro nivel cursado) e unha lectura a primeira vista que será proporcionada polo tribunal o día da proba.

As probas realizaranse sen pianista acompañante, sen facer as repeticións e sen necesidade de facer os compases de espera cando estes excedan de 2.

7. A selección dos aspirantes efectuarase por un Tribunal Cualificador designado pola directiva da Orquestra Sinfónica de Pontevedra.

Capítulo IV: Comunicación dos resultados.

8. Os resultados das audicións comunicaranse vía correo electrónico, no prazo dunha semana despois da realización das mesmas, unicamente á dirección de e-mail desde a que foi presentada a instancia á orquestra.

Capítulo V: Titularidade.

9. Os aspirantes deben aceptar na súa totalidade o documento das normas de réxime interno da Xove Orquestra, que se facilitará, se así se solicita, ao superar as probas de admisión.
10. Os aspirantes seleccionados adquirirán a condición de membros da Orquestra Xove, por un período de 2 anos, unha vez cuberta e presentada a folla de matrícula e formalizado o pago da cota anual de socio.

A participación nas probas de audición supón a aceptación expresa da totalidade das Bases desta Convocatoria.

Pontevedra, a 19 de maio de 2025